



CONCELLO DE REDONDELA

**Nº 11/2015**

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 24 DE MAIO DE 2015**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións, e sendo as once horas do día 13 de xuño de 2015, para dar cumprimento ao disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (LOREX), e nos artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública os concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e catro de maio de dous mil quince, que son, pola orde da súa proclamación, os seguintes:

**Polo Partido Popular (P. P.):**

JAVIER BAS CORUGEIRA  
MIGUEL ANGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS  
ANA MARÍA ALONSO ALONSO  
MARIA TERESA PARÍS BLANCO  
JULIO CESAR MOUGÁN VAZQUEZ  
MARÍA JOSE BARCIELA BARROS  
JESÚS CRESPO LOPEZ  
MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA  
ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO

**Polo Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE):**

EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO  
DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ  
LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO  
LETICIA GONZÁLEZ GUISANDE  
MAURO ÁLVAREZ CASTRO  
ANA ISABEL REY GÓMEZ

**Polo Bloque Nacionalista Galego- Asembleas Abertas (B.N.G.):**

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

**Pola Agrupación de Electores de Redondela 2015 (A.E.R.):**



CONCELLO DE REDONDELA

RICARDO FIGUEROA RODRÍGUEZ  
JOSÉ BERNARDO CRESPO ABAL  
BEATRIZ LAIÑO FERREIRA  
JORGE VARELA COUÑAGO

**Por Redondela Pode ( Pode R)**

RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA

Asistidos pola Secretaria da Corporación, Ana Begoña Merino Gil, e mais polo Interventor Municipal, Ángel Santamariña Ribera.

Con carácter previo ao comenzo da sesión , a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

**FORMACIÓN MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA,  
CONSTITUCIÓN CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS  
PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE.**

Pola secretaria dáse lectura ao artigo 195 da LOREX :

- 1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentou recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto constituír o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*
- 2. A tal fin, constitúese unha Mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da Corporación.*
- 3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remitise a Xunta Electoral de Zona.*
- 4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.*



## CONCELLO DE REDONDELA

Dáse conta tamén de que da documentación remitida pola Xunta Electoral de Zona, contendo a Acta de Proclamación, resulta o seguinte número de votos e concellerías por cadansúa das listas electorais:

- Partido Popular: 6.047 votos, 9 concellerías.
- Partido dos Socialista de Galicia-PSOE: 4.244 votos, 6 concellerías.
- Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas: 1.176 votos, 1 concellería.
- Agrupación de Electores de Redondela 2015 : 2.837 votos, 4 concellerías.
- Redondela Pode: 849 votos, 1 concellería.

Seguidamente procédese a forma-la Mesa de idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade de entre os asistentes, ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO , que pasa a presidila, e pola de menor idade, RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA, actuando como Secretaria da mesma a que é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de idade, pola secretaria procédese a dar lectura á Acta de Proclamación de concelleiros e concelleiras electos remitida pola Xunta Electoral de Zona, téndose comprobadas as credenciais presentadas polos mesmos. Unha vez verificado o cumprimento da esixencia determinada polos artigos 195.4 da LOREG e 37.4 do ROF, polo Presidente da Mesa declarase constituída a Corporación previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa do cargo e acatamento da Constitución por parte de cada un dos concelleiros/as asistentes a este acto, segundo dispón o artigo 108.6 da citada Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/79, de 5 de abril:

*“(Xuro ou prometo) pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Redondela con lealdade ao Rei e gardar e facer garda-la Constitución, como norma fundamental do Estado”.*

Os concelleiros e concelleiras asistentes prometeron ou xuraron o seu cargo se ben non se axustaron á fórmula anterior os concelleiros de AER e do BNG.

### **ELECCIÓN DE ALCALDE**

Acto seguido, pola Secretaria dáse lectura ao artigo 196 da LOREG que di o seguinte:



## CONCELLO DE REDONDELA

*Na mesma sesión de constitución da corporación procédese á elección do Alcalde de acordo co seguinte procedemento:*

- *Poden ser candidatos tódolos concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- *Se algún deles obtivera a maioría absoluta de votos dos concelleiros, é proclamado electo.*
- *Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro/a que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no municipio.*

Polos respectivos grupos, proclámanse como candidatos a Alcalde os seguintes:

- ❖ **JAVIER BAS CORUGEIRA, polo Partido Popular.**
- ❖ **EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, polo Partido dos Socialistas de Galicia- PSOE.**
- ❖ **XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO, polo Bloque Nacionalista Galego.**
- ❖ **RICARDO FIGUEROA RODRÍGUEZ, pola Agrupación de Electores de Redondela.**
- ❖ **RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA, por Redondela Pode**

De seguido procédese a realizar a votación a man alzada co seguinte resultado:

- **JAVIER BAS CORUGEIRA, 9 votos.**
- **EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, 6 votos.**
- **XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO, 1 voto.**
- **RICARDO FIGUEROA RODRÍGUEZ, 4 votos.**
- **RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA, 1 voto.**



## CONCELLO DE REDONDELA

En consecuencia, ao non acadar ningún dos candidatos o voto da maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras, JAVIER BAS CORUGEIRA, como cabeza da lista que obtivo maior número de votos populares no municipio é proclamado Alcalde ao abeiro do disposto no artigo 196 da LOREX, quen presta a promesa do seu cargo de Alcalde e o acatamento á Constitución segundo a fórmula anteriormente mencionada, e recibe do presidente da mesa de idade o bastón de mando como atributo da Alcaldía, tomando posesión do seu cargo e pasando a presidir a sesión.

Seguidamente o Alcalde dirixe aos presentes as seguintes verbas :

*Como xa dixen fai catro anos, para min e unha grande honra e unha grande responsabilidade ser investido Alcalde de Redondela, e por iso quero agradecerllo a todos os veciños que depositaron a súa confianza en min e no meu equipo para que continuáramos co desempeño das responsabilidades de goberno. Quero agradecer tamén o traballo realizado polos concelleiros saíntes que durante os últimos catro anos estiveron traballando polo ben da nosa vila.*

*Tamén quero darlle a benvida aos novos concelleiros que dende hoxe forman parte da Corporación Municipal desexándolles o maior acerto na defensa dos intereses de Redondela.*

*Hoxe, todos nos, acadamos un compromiso ante os veciños da nosa vila. E ese compromiso nos ten que levar a atopar o entendemento necesario que de resposta a todos os retos que temos que afrontar nos vindeiros catro anos. Pero non hai entendemento se non hai respecto. Por iso, aínda que haxa discrepancias, temos que pensar que todos, e cada un de nós, somos a representación da vontade dunha grande parte da sociedade de Redondela. E todos, e cada un de nós, somos importantes. Por tanto, non se pode excluír a ninguén, porque se así o fixésemos estaríamos marxinando a vontade de parte dos nosos veciños.*

*Serei o Alcalde de todos os veciños, e farei todo o necesario para que exista unha boa comunicación dende o goberno co movemento asociativo e entre os distintos grupos políticos. E porei todo o meu empeño en que se acaden os acordos necesarios para que entre todos fagamos mellor e mais grande a nosa vila. Os veciños de Redondela ben merecen este esforzo. Redondela ben o merece. Moitas grazias*

### **ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.**

A continuación dáse conta da acta de arqueo extraordinaria redactada con motivo da constitución da nova Corporación, sendo os resumos dos documentos os seguintes:



## CONCELLO DE REDONDELA

### Estado de Tesourería do Concello de Redondela

Existencias iniciais:	2.368.507,07 €
Ingresos:	13.250.567,89 €
Gastos:	14.690.600,47 €
Existencias finais:	928.474,49 €

Igualmente aos efectos previstos no artigo 36 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), faise constar que se atopa preparada e actualizada a documentación relativa ao inventario do patrimonio da corporación que acada unha valoración global de 65.593.451,97 €.

E, non sendo outro o obxecto da presente sesión, pola Presidencia dáse por rematado o acto, sendo as once horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que como Secretaria dou fe.-